



DATOS IDENTIFICATIVOS

Organización dos servizos sociais

Materia	Organización dos servizos sociais			
Código	O05G220V01205			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	Sánchez Roura, María Begoña			
Profesorado	Aguiar Fernández, Francisco Javier Salgado Rodríguez, Eva María Sánchez Roura, María Begoña			
Correo-e	begona.sanchez.roura@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O sistema público de servizos sociais destinado a garantir unhas prestacións básicas ante situacións de necesidade ten unha identidade, normativa, estrutura, competencias, financiación etc. propias, e xunto con outros sistemas de protección social constitúese nun dos piares fundamentais do estado de benestar, sendo este sistema público un dos ámbitos principais de intervención do traballo social.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacidade para traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
B2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
B3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
B4	Actuar preventivamente e na resolución das situacións de risco para a cidadanía, para si mesmo/a e para os colegas de profesión
B5	Administrar e ser responsable, con supervisión e apoio, da propia práctica dentro da organización
C1	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
C2	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
C3	Valorar as necesidades e opcións posibles para orientar unha estratexia de intervención

C5	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
C8	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
C13	Defender as persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades e actuar no seu nome se a situación o requirir
C14	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
C16	Establecer, minimizar e administrar o risco cara a un mesmo e os colegas a través da planificación, revisión e seguimento de accións para limitar o estrés e o risco
C20	Traballar de xeito eficaz dentro de sistemas, redes e equipos interdisciplinares e «multiorganizacionais» co propósito de colaborar no establecemento de fins, obxectivos e tempo de duración dos mesmos contribuíndo igualmente a abordar de xeito construtivo os posibles puntos de vista existentes
C21	Participar na administración e dirección de entidades de benestar social
C23	Traballar dentro de estándares acordados para o exercicio do Traballo Social e asegurar o propio desenvolvemento profesional utilizando coñecementos e técnicas profesionais como medio para xustificar decisións, reflexionando criticamente sobre as mesmas e utilizando a supervisión como medio para mellorar e avaliar o exercicio profesional
C25	Contribuír á promoción das mellores prácticas do Traballo Social participando no desenvolvemento e análise das políticas que se implementan
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Capacidade reflexiva
D4	Comunicación oral e escrita nas linguas nativas
D8	Capacidade de xestión da información
D9	Resolución de problemas
D10	Toma de decisións
D11	Traballo en e con equipos diversos
D12	Traballo en equipo de carácter interdisciplinar
D14	Habilidades nas relacións interpersoais
D15	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade
D16	Razoamento crítico
D17	Compromiso ético
D18	Aprendizaxe autónoma
D19	Adaptación a novas situacións
D24	Sensibilidade cara a temas medio ambientais, igualdade entre home e mulleres, cultura da paz, etc.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e comprender a organización, estrutura xeral, mecanismos de actuación e as principais prestacións e programas que configuran o Sistema Público de Servizos Sociais	A1	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C5	
Promover cambios favorables na vida dos individuos e familias a traveso da administración de recursos e servizos colaborando cos procedementos implicados na súa obtención, supervisando a súa eficacia e asegurando a súa calidade.	A2	B1 B2 B3 B4 B5	C1 C2 C3 C5 C8 C13 C14 C16 C20	D1 D2 D3 D4 D8 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D24

Participar na xestión e dirección de entidades de benestar

A3 B3 C1 D1
 A4 B5 C2 D2
 C3 D3
 C5 D4
 C20 D8
 C21 D9
 C23 D10
 C25 D11
 D12
 D14
 D15
 D16
 D17
 D18
 D19
 D24

Analizar y sistematizar la información que proporciona el trabajo cotidiano; administrar y ser responsable de su propio trabajo. A5 B2 C2 D1
 B4 C3 D2
 B5 C14 D3
 C16 D8
 C20 D9
 D10
 D14
 D15
 D16
 D17
 D18

Coñecer as funcións profesionais do/a traballador/a social na xestión dos servizos sociais e a participación nos mesmos das organizacións públicas e privadas. A4 B2 C1 D1
 B3 C2 D2
 B4 C3 D4
 C5 D9
 C8 D10
 C13 D16
 C16 D18
 C20

Contidos

Tema	
O sistema público de servizos sociais.	Marco conceptual: natureza, obxectivos e prestacións básicas.
A organización territorial e competencial do sistema público de servizos sociais	Competencias estatais, autonómicas e locais.
A rede de atención dos servizos sociais	Ámbito público. Ámbito privado. Terceiro sector.
Marco normativo xeral dos servizos sociais	Contexto internacional. Contexto europeo. Normativa estatal. Normativa autonómica. Normativa local.
O sistema de servizos sociais na comunidade autónoma galega	Organización e estrutura.
Os servizos sociais comunitarios básicos e específicos	Organización, xestión e estrutura. Funcións do T.S.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Saídas de estudo	7	1	8
Presentación	2	6	8
Seminario	3	6	9
Traballo tutelado	3	9	12
Actividades introdutorias	1	1	2
Traballo tutelado	6.5	6.5	13
Lección maxistral	22	44	66
Exame de preguntas obxectivas	2	30	32

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Saídas de estudo	Visitas a institucións prestadoras de servizos sociais.

Presentación	Exposición, por parte do alumnado, ante o docente e/ou un grupo de estudantes, dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio ou proxecto. Pódese levar a cabo individualmente ou en grupo.
Seminario	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia. Empregaranse como complemento das clases teóricas.
Traballo tutelado	O estudiantado, de xeito individual ou en grupo, elaborará aqueles exercicios que se lle encomende relacionados coa temática da materia e coa súa aprendizaxe, será supervisado e tutelado polo profesor sobre o que se refire á procura e recollida de información, á lectura e manexo de bibliografía, á redacción, á presentación, á exposición etc.
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto, reunir información sobre o alumnado e a presentar a metodoloxía docente, a avaliación e os contidos xenéricos da materia.
Traballo tutelado	O/A estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión dos docentes.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos, bases teóricas e/ou directrices sobre a materia obxecto de estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	En pequeno grupo o alumnado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención. Asesoramento por parte da profesora na aula e en titorías grupais. Traballo en grupo, supervisión de traballos e exposición na aula.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Inclúese neste epígrafe a diversidade de traballos encargados que forman parte do sistema de avaliación continua (lectura e defensa de artigos profesionais, libros da bibliografía básica, supostos prácticos...). Valorarase cada un dos traballos solicitados e presentados polo/a estudante de xeito individual e/ou en grupo. Terase en conta a presenza e participación activa na aula. Cómpre ter aprobada esta parte para facer media coa nota obtida na proba tipo test. Solicitarase un dossier individual no que se inclúan todas as prácticas, exercicios e traballos realizados. Considerarase parte do seguemento avaliable da parte práctica da materia a realización de probas aleatorias (resposta por escrito a preguntas; pequenos test...) tendentes a comprobar na aula a realización dos traballos e encargos solicitados. A nota da parte práctica da materia só fará media coa nota da parte teórica (exame) se é igual ou superior a 3.	30	B1 C1 D1 B2 C2 D2 B3 C3 D3 B4 C13 D4 B5 D8 D9 D10 D11 D12 D14 D15 D16 D17 D18 D19 D24
Traballo tutelado	Por grupos o estudiantado elabora un documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención. Asesoramento por parte do/a docentes na aula e en titorías grupais. Asemade, outros traballos en grupo, supervisión de traballos e exposicións na aula.	30	A3 B1 C1 D1 A4 B2 C2 D2 A5 B3 C3 D3 B4 C5 D4 B5 C8 D8 C13 D9 C14 D10 C16 D11 D12 D14 D16 D17
Exame de preguntas obxectivas	O estudiantado examínase da parte teórica da materia desenvolta nas sesións maxistras e nos seminarios. A nota obtida no exame da parte teórica será o 40% da nota total e só fará media coa nota da parte práctica se é igual ou superior a 2 puntos (una vez ponderados). Para o alumnado de avaliación continua, o exame constará de 40 preguntas con catro alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira. Cada tres respostas incorrectas invalidarase unha resposta correcta. O corte do aprobado sitúase en 20.	40	A1 B1 C1 A2 B2 C2 B3 C3 B4 C5 B5 C8 C13 C14 C16 C20

Outros comentarios sobre a Avaliación

Descrición da avaliación

- A avaliación das/os estudantes matriculadas/os en a materia farase atendendo aos criterios explicados na guía docente.
- A avaliación continua implica unha asistencia mínima a un 80% das aulas. A planificación do proceso ensino-aprendizaxe esixe a presenza do estudantado nas actividades prácticas que se desenvolverán durante o curso, en especial naquelas relacionadas coa adquisición de competencias relativas ao saber facer e ao saber ser (procedementais e actitudinais). Subliñar que non chega con estar na clase (física ou virtual) nin que o que se avalía é a simple "asistencia" á aula física, senón que o avaliábel son os resultados do proceso ensino-aprendizaxe reflectidos nos exercicios e actividades ben realizados e a participación activa e pertinente nas clases presenciais ou virtuais. Por tanto esixiráselle ao estudantado a súa presenza nas actividades ao longo do curso (verificable con listaxes de asistencia) non podendo faltar a máis do 20 por cento do total de horas presenciais.
- A avaliación será preferentemente continua, o estudantado que renuncie á avaliación continua poderá optar pola avaliación global. Deberá comunicalo ao docente no prazo establecido.

Avaliación global: · **Proba, práctica, exercicio, presentación etc. (30%)** Consistirá na elaboración e entrega dun documento-traballo sobre un dos aspectos da materia, preferentemente sobre a organización dun Departamento de Servizos Sociais, entre outros, baseado na materia impartida e seguindo a lexislación vixente. Incluirá fundamentación, procura e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, contextualización, redacción, valoración-conclusións. Valorarase especialmente o uso da linguaxe inclusiva e non discriminatoria en calquera dos ámbitos de intervención.

· **Proba de preguntas obxectivas etc. (40%)** A parte teórica da materia consistirá na mesma proba tipo test establecida para o alumnado asistencial (40 preguntas con catro alternativas de resposta, das cales só unha é verdadeira, no que cada tres respostas incorrectas invalidarase unha correcta). · **Proba, práctica, resolución, exame de preguntas de desenvolvemento etc. (30%)** Consistirá en responder os contidos conceptuais, actitudinais e procedementais desenvolvidos ao longo do curso e que pode adquirir a través da bibliografía e a preparación dos traballos tutelados que se lle encargan ao alumnado asistencial. Neste sentido, na parte práctica poderanse incluír preguntas a desenvolver e supostos relacionados cos artigos, supostos e #práctica desenvolvidas na materia.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA (2ª oportunidade)

As probas (parte teórica o parte práctica) superadas na 1ª oportunidade, non serán obxecto de avaliación na 2ª oportunidade, considerándose aprobadas nese curso académico. Non se gardarán notas dun curso a outro.

A 1ª oportunidade, no caso de non superar a materia, non consta no expediente académico. A cualificación faise efectiva na convocatoria extraordinaria.

MODALIDADE de AVALIACIÓN GLOBAL e CURSO PONCHE

As e os estudantes que decidan optar pola avaliación global e Curso Ponche, deberán poñerse en contacto coa profesora para notificar esta opción a comezos de curso e sempre antes do prazo establecido.

Coa finalidade de favorecer a conciliación da vida laboral e a formación académica, os contidos, planificación, recursos metodolóxicos e sistema de avaliación adaptaranse para alumnado non asistencial e do curso ponche garantindo, en todo caso, a consecución das competencias e resultados de aprendizaxe establecidos neste documento. Abrirase un cartafol específico na plataforma Moovi na cal se informará das tarefas e probas de avaliación que guiarán o desenvolvemento desta materia para alumnado do curso ponche ou profesionais en exercicio.

Outros comentarios para ter en conta na avaliación

Non se gardarán notas de ningunha parte da materia para o seguinte curso académico. Esixirase que o estudantado saiba escribir correctamente e sen faltas ortográficas (acentos gráficos e abreviaturas incluídas), que saiba ler comprensivamente, analizar e sintetizar así como resumir o lido ou escoitado nas aulas. Tamén se espera que saiba expresarse con corrección e #de acordo con o nivel que esixe un ciclo universitario usando unha terminoloxía idónea a este rexistro lingüístico. Todo isto constituirá parte da avaliación do alumnado e, en todo caso, terá que reflectirse nolos seus exercicios e no exame. O plaxio supón de inmediato o suspenso da materia. A materia pode ser estudada por completo cos materiais existentes en Moovi e co asesoramento das docentes a través dos seus correos electrónicos ou de titorías presenciais ou virtuais, previa cita.

As datas oficiais dos exames poden consultarse na web da facultade (<http://fcee.uvigo.es/gl/docencia/exames/>) no espazo 'Exames 2023-24'

En coherencia co carácter inclusivo que caracteriza a Facultade de Educación e Traballo social, esta guía poderá ser adaptada para atender ás necesidades específicas de apoio educativo que presente o alumnado adscrito ao programa PIUNE (PAT).

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alemán Bracho, C., Fernández, T., **Introducción a los Servicios Sociales**, UNED, 2004

Santos Martí, J, **El cuarto pilar. Un nuevo relato para los servicios sociales.**, CGTS - Paraninfo, 2012

Vercouttes, J., **Servicios Sociales: organización y planificación**, Diego Marín, 2011

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Servizos sociais especializados I/O05G220V01304

Servizos sociais especializados II/O05G220V01406

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Epistemoloxía do traballo social/O05G220V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos dos servizos sociais/O05G220V01104

Introdución ao traballo social/O05G220V01105

Outros comentarios

Esta materia enmárcase nunha Facultade comprometida coa sustentabilidade da contorna e das persoas. Atendendo a esta filosofía, esta materia promoverá prácticas educativas en base a materiais de baixo impacto ambiental en coherencia cos principios de sustentabilidade (ODS).